

A PAZ NON LEVA MÁSCARA

- 1.-Aquel neno pensaba,
coma unha necesidade,
que a paz é ,no fondo,
cuestión de igualdade.
- 2.-Que todos , algún día
o sentiríamos así
e os cambios faríamos
por ver o mundo sorrir.
- 3.-Pasaban os cursos,
no Manuel Sueiro
e celebrábanse actos
a finais de xaneiro.
- 4.-Buscaba palabras,
imaxes,e citas,
que de nós reflectiran
as cousas bonitas.
- 5.-Contamos contigo,
así que, mans á obra,
pois calquera axuda,
nunca,nunca sobra.
- 6.-Implicarse no outro,
non ten idade,nin credo,
raza ou partido,
pois o que más se disfruta
é o ben compartido.
- 7.-Axudar convencidos
con total liberdade ,
a construir un mundo
en paz e igualdade.
- 8.-Sexas unha nena,
adulto ou ancián,
sal da túa burbulla
e tende a túa man.
Síntete orgulloso
de actuar así
pode que algún día
o fagan por ti.
- 9.-Moito máis agora,
estando en pandemia,
humanidade e xustiza
deben ser o lema.
- 10.-A paz construímos
con pequenas obras,
na rúa , na casa,
no parque ou na escola.
- 12.-Deixamos as promesas
de actuacións xigantes,
pois con pequenos xestos
facemos a nosa parte.
- 13.-No fogar , no colexiio ,
en calquera intre ou idade
practica convencido
a solidariedade.
- 14.-As mans non se erguen
contra o compañoiro,
o diálogo e axuda
deben selo primeiro.
- 15.-Ao ser xenerosos,
o ben entregado,
retorna sempre a nós
por cuadriplicado.
- 16.-A paz non ten filtro,
e co voso alento,
viaxará polo mundo
a cabalo do vento.
Sentirás orgullo
e satisfacción,
pois nacerá dos latexos
do teu corazón.